

O raposo e a mestra

XERAIS

SOPA DE LIBROS

Manuel O'Rivas

O raposo e a mestra



Ilustracións
de Jacobo Fernández Serrano

XERAIS



Título: O raposo e a mestra
Autor: Manuel O'Rivas
Ilustrador: Jacobo Fernández Serrano
Editorial: Xerais
Colección: Sopa de Libros
Nº páxinas: 96
ISBN: 978-84-9914-576-1
Idade: A partir de 8 anos

O autor

Manuel Rivas (A Coruña, 1957), escritor e xornalista. A súa obra, escrita en galego, está traducida a máis de vinte linguas e publicada polas máis prestixiosas editoras literarias do mundo. Como narrador ten publicado: *Todo ben* (1985); *Un millón de vacas* (1989), Premio da Crítica Española; *Os comedores de patacas* (1991); *En salvaxe comapaña* (1994), Premio da Crítica Galicia; *Que me queres, amor?* (1996), Premio Torrente Ballester e Premio Nacional de Narrativa; *Bala perdida* (1996); *O lapis do carpinteiro* (1998), Premio da Crítica Española, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Premio Arcebispo Xoán de San Clemente, Premio 50 aniversario da sección belga de Amnistía Internacional (2001); *Ela, maldita alma* (1999); *A man dos paíños* (2000); *As chamadas perdidas* (2002); *Contos de Nadal* (2003); *Os libros arden mal* (2006), novela, Premio Ánxel Casal ao Libro do Ano, Premio Irmandade do Libro ao Mellor Libro Galego do Ano, Premio da Crítica, Premio Mellor Libro do Ano Libreiros de Madrid, Premio da Crítica Galicia, Premio Losada Diéguez, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega; *Todo é silencio* (2010) e *As voces baixas* (2012). Reuniu todos os seus contos no volume *O más estranxo* (2011). Tamén é autor dunha extensa obra xornalística e poética en lingua galega. Para o público infantil ten publicados os contos *O sombreiro Chichiriteiro* (2009) e *O raposo e a mestra* (2013).



O ilustrador



Jacobo Fernández Serrano (Vigo 1971) é licenciado en Belas Artes na especialidade de pintura pola Universidade Complutense de Madrid. Ilustrador, pintor, debuxante e comiqueiro, como autor de literatura infantil publicou na colección Merlin de Xerais os libros *A gardería de dona Bixelmina* (2005), *A pedra e as formigas* (2006), *Mil cousas poden pasar. Libro I* (2009), premio Merlin de literatura infantil, e *Mil cousas poden pasar. Libro 2* (2011). Iniciouse na ilustración de libros de literatura infantil en Xerais con «As aventuras de Nunavut» de Xoán Abeleira, serie da que publicou catro libros: *O nacemento de Nunavut* (2003), *Un día de caza* (2003), *Sedna, a deusa do mar* (2004) e *O caribú namorado* (2005); ao que seguiron outros traballos para diversas editoriais. Ademais de traballos de ilustración de libros de texto, dicionarios, guías de natureza, carteis ou ilustracións para televisión, etc; é, tamén, autor da serie de banda deseñada «Os amigos de Archimboldo Roque», publicada na revista *Golfiño* (2000 a 2004) e recollida no volume homónimo publicado por Faktoria K (2008). Tras realizar este personaxe converteuse en colaborador da publicación periódica *Dos Veces Breve*, así como da segunda época da revista *BD Banda*, na que desenvolve a serie titulada «Animais pantasma». Co álbum de cómic

Aventuras de Cacauequi (2007), obtivo o Premio Castelao da Deputación da Coruña de Banda Deseñada e a nominación ao Premio Expocómic 2008 de Madrid e do Salón do Cómic de Barcelona, no apartado de autor español revelación. *Marcopola a illa remeira 1. As orixes de Marcopola* (2012) e *Marcopola a illa remeira 2. Os piratas da Lúa* son os volumes iniciais dunha serie de cómic para primeiros lectores. *Lois Pereiro. Breve encontro* (2011) é a súa primeira novela gráfica. Mantén abertos tres blogs, onde publica adianto das súas ilustracións e traballos: <http://jacobofernandezserrano.blogspot.com>, <http://osamigosdearchimboldoroque.blogspot.com> e <http://milcousas.wordpress.com>.

Resumo

O protagonista do relato é o raposo Pindo, un animal independente, imaxinativo e algo fedello do que se di que era unha mestura de raposo e lobo e que entendía todas as linguas. A Pindo gústalle soñar que voa coa súa cola e o seu gorro de aviador tras as bandadas de gansos e o gran cisne solitario. Pindo tamén goza subindo ao alto dun cantil para ver a posta do sol, que converte os seus ollos en dúas lanternas capaces de hipnotizar. Outra das cousas que lle prestan a Pindo é escoitar como falan as xentes do mar, como as redeiras.

O humano co que mellor se leva Pindo é Serafín, o mariñeiro con quen conversa a miúdo. Serafin faloulle un día da chegada á vila da nova mestra Rosa, unha rapaza vexetariana á que lle gusta aquellar o galiñeiro das súas galiñas para que estean más contentas. Cousa que conseguiu, pois puñan ovos de cores.

Un día Pindo achegouse de noite ao galiñeiro de Rosa e hipnotizou a galiña ventureira, á que tratou de levar collida polo pescozo, pero sen trabar. Cando ía marchar escoitou a música de piano que viña do interior da casa de Rosa. Rosa notou a súa presenza e Pindo liscou deixando a galiña, primeiro inconsciente, diante da porta da casa da mestra, e despois cantando medio tola unha canción italiana. Rosa deixouse convencer para mercar un can que protexese as galiñas. Conseguiu un ao que chamaban Terror, pero ela mudoulle o nome por Napoleón.

Rosa deulle ao can instrucións de meter medo ao raposo sen matalo, pero a noite en que Pindo baixou de novo ao galiñeiro o can estaba disposto a desobedecer as ordes. Pindo volveu usar os seus ollos como lanternas e hipnotizou o can. Así facía todas as noites, polo que as galiñas vivían angustiadas pensando que en calquera momento o raposo as atacaría. O veterinario diagnosticoulles o «estrés do raposo máxico».

Un día Rosa púxose mans á obra para pararle os pés ao raposo. Mercou unha máquina parecida a un canón para asustalo pero, o día en que o raposo se achegou ao galiñeiro e Rosa disparou facendo un grande estrondo co canón, o raposo non se arredou e púxose a cantarunhar unha cantiga. Ao día seguinte Pindo volveu achegarse á casa da mestra e volveu durmir o can coma sempre. Pero Rosa estaba tocando o piano e Pindo achegouse ata a porta da casa, onde quedou durmido envolto pola melodía. Cando espertou tiña un anaco de torta de mazá ao seu carón. Con desconfianza probouno e comprobou que estaba moi bo. Despois marchou e agochouse para escoitar como os nenos cantaban unha copla que facía mofa dun raposo de camiño á escola. Mais os pobres non sabían do regalo que lle fixera a mestra a Pindo, polo que saíu do agocho e púxose a bailar un zapateado ante a ollada encantada dos corvos do Xallas que foron canda el cantando.

Temas e valores

A imaxinación

O raposo protagonista é un soñador ao que lle gusta imaxinarse voando e perseguinto gansos.

A música

A música está presente en todo o conto. Aparecen de xeito literal numerosas cantigas e retroussos en diferentes linguas. Ademais, o mariñeiro Serafín toca o acordeón e a mestra Rosa toca o piano, instrumento con capacidade para amansar as feras (como no vello mito de Orfeo).

A natureza

A natureza tamén está moi presente en toda a historia. Comezando polo nome do raposo, Pindo, que nos remite ao coñecido monte da zona de Carnota. Menciónase tamén o voo dos gansos e do cisne, as gaivotas, as galiñas, o can. Así mesmo, unha das actividades preferidas do protagonista é recrearse vendo como o sol se pon tras do mar.

A amizade e a sociabilidade

Malia tratarse dun animal por natureza esquivo e solitario, en realidade Pindo é un ser sociable que gusta de mesturarse con xente diversa e que goza escouitando as historias dos demais.

A resolución pacífica dos conflitos

Cada conflito que aparece no conto resólvese sen violencia. E non só en casos nos que o autor opte por evitala recorrendo a trucos narrativos –Pindo non chega a matar a galiña Ventureira, o can Napoleón non chega a atacar a Pindo– senón tamén na vontade que hai de demostrar que é posible a convivencia non violenta –Pindo tivo como recompensa a torta de mazá grazas a que o efecto balsámico da música evitou que atacase as galiñas–.



Actividades

Deseguido, ofrécese unhas actividades de animación para realizar antes de ler o libro, e así suscitar o interese pola súa lectura, e outras para despois de lelo, para recrear os distintos aspectos do seu contido e fomentar a creatividade dos lectores e lectoras.

Antes da lectura

- Ler o textiño da contraportada en voz alta. Preguntar despois se poden lembrar o argumento do libro.
- Follear as ilustracións e situar en que tipo de lugar discorre a acción. É unha cidade, unha aldea, unha vila? Pensan que discorre en Galicia ou noutro sitio? É un lugar de interior ou de costa?
- Preguntar polo autor. Se lerón ou coñecen outro libro del. Que preguntan na casa se coñecen a Manuel Rivas.
- Fixarse no apelido do autor. Falar sobre o «o» con apóstrofo. Que significa? Utilizan eles alcumes?

Despois da lectura

1. Animalos a investigar sobre o nome Pindo. A que fai referencia?
2. Pensar en títulos alternativos escollendo o nome doutras profesións e doutros animais.
3. Preguntar se coñecen algunha outra maneira de dicir *raposo* en galego e noutras linguas.
4. No libro, o raposo soña con animais que viven en distintas contornas. Os polos, o mar, o ceo... Que outros hábitats se lles ocorren nos que poidan vivir máis animais?
5. No libro cántanse cantigas en distintos idiomas. Que tipo de instrumento musical imaxinan para acompañar cada unha das cantigas?
6. O mariñeiro Serafín menciona a historia da Arca de Noé. Coñécena? De que trataba esta historia?
7. O can Napoleón é máis forte e fero ca o raposo Pindo, pero este consegue evitar os seus ataques hipnotizándoo coa mirada. Reflexionar sobre isto. Sempre gañan os más fortes?
8. No conto dise que ás galiñas a presenza do raposo Pindo no galiñeiro producíalles estrés. Saben en que consiste o estrés?
9. Na páxina 69 hai unha ilustración na que se ve o raposo Pindo agarrado a unha árbore e cantando nun día chuviñento. Saben a que película fai referencia esta ilustración?
10. Preguntar por que cren que Rosa acaba deixando comida a Pindo despois de que durante toda a historia quixese meterlle medo.
11. No final do conto noméanse os corvos do Xallas. Preguntar se saben que é o Xallas? Investigar sobre o topónimo.

Ficha a1 (antes da lectura)

1. Imaxina que o teu mestre ou mestra atopou unha pomba dentro da súa casa cunha á rota. Escribe como continuaría a historia.

2. Que tipo de personalidade pensas que terá o raposo da historia?

3. Busca información sobre os raposos reais. Que tipo de animais son? En que zonas da terra viven?

Ficha d1 (despois da lectura)

1. Saberías debuxar polo menos 4 animais dos que aparecen no relato?

2. No libro noméanse dous tipo de baleas. A balea cantora e a balea corcovada. De que se alimentan as baleas?

3. No libro, o raposo Pindo observa como falan entre si un grupo de mulleres mentres cosen redes de pescar. Anota outros tipos de redes que coñezas ademais das de pescar?

4. Escribe o nome das linguas, distintas do galego, que aparecen no relato do raposo Pindo e algún país no que se falen.

5. Busca as cancións do texto escritas en lingua distinta do galego e anota as palabras das que creas que coñeces o seu significado co seu equivalente na nosa lingua.

6. Investiga en que lugar naceu Napoleón Bonaparte, o personaxe histórico que dá nome ao can do conto, e escríbeo aquí.

Ficha d2 (despois da lectura)

1. Saberías ilustrar cun debuxo este anaco de texto?

«Como unha bandada en terra, tamén pasaban as meniñas e os meniños cara á escola,
coas súas mochilas e paraugas de cores.»

2. Rosa toca o piano. Que tipo de instrumento é o piano?

3. Que outro instrumento aparece no libro?

4. Escribe o nome dun instrumento que saibas tocar ou que che gustaría aprender a tocar.

5. Inventa dous versos para completar a letra desta canción:

Nunha barquiña de vela

como pan con mortadela

6. Quen é Serafín?

7. Que lle gustaba facer a Pindo cando subía á cima do Encanto?

8. En que vehículo acostumaba desprazarse Rosa?

9. Que lle sucedeu ás galiñas cando se puxeron angustiadas pola presenza do raposo Pindo?

10. Como se chamaba o can que adquiriu Rosa antes de que ela decidise mudarlle o nome por Napoleón?

Ficha d3 (despois da lectura)

1. Busca o significado ou significados da expresión «touporroutou». Anótaos aquí:

2. Rosa, a mestra, é vexetariana. Que quere dicir isto? Busca e anota aquí unha receita vexetariana.

3. No conto dise que o can Napoleón está farto dos ósos de «prolipropileno». Tamén se di que o raposo Pindo levaba zapatos de «charón». Busca información sobre estes dous tipos de materiais e anota que outras cousas se fan con eles.
